



## Concello de Bueu

<b>Expediente</b>	547/2026
<b>Código SIA</b>	1441036
<b>Procedemento</b>	Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)
<b>Asunto</b>	Aprobación da ordenanza reguladora do programa de apoio psicolóxico á/ao menor do Concello de Bueu
<b>Unidade Xestora</b>	Administración Xeral - Unidade de Secretaría Servizos Xerais
<b>Documento</b>	Anuncio
<b>Trámite</b>	Consulta pública previa da cidadanía

### ANUNCIO

O 16.04.2026 esta alcaldía ditou a resolución núm. 2026-0744 pola que incoa expediente para a aprobación dunha **ORDENANZA REGULADORA DO PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO Á/AO MENOR (SAPM) DO CONCELLO DE BUEU**.

Verbo do anterior, resolve realizar un trámite de **consulta pública previa da cidadanía durante un prazo de 15 días naturais**, contados dende o seguinte ao da publicación dun anuncio no portal web, ao abeiro do artigo 133 LPACAP (Lei 39/2015) antes da elaboración do texto a aprobar.

A dita consulta, tramitarase a través do portal web para solicitar a opinión dos suxeitos e organizacións máis representativos potencialmente afectados pola ordenanza sobre:

- 1) problemas que se pretenden solucionar;
- 2) necesidade e oportunidade da aprobación;
- 3) obxectivos da norma; e
- 4) solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Para o anterior, este é o texto que se somete ao trámite de consulta pública previa:





## Concello de Bueu

---

### CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O ANTEPROXECTO DA ORDENANZA REGULADORA DO PROGRAMA DE APOIO PSICOLÓXICO Á/AO MENOR DO CONCELLO DE BUEU

#### 1. ANTECEDENTES

O Concello de Bueu prevé impulsar a aprobación dunha Ordenanza municipal reguladora do SAPM co obxecto de dotar dun marco normativo propio e sistemático a un servizo de carácter esencial, dirixido á poboación dos menores de idade, ás súas familias e á súa contorna, en coherencia co disposto na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e, asemade, de acordo coa competencia propia do art. 25.2.e) LRBRL sobre atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A atención psicolóxica aos menores constitúe un conxunto de intervencións de carácter preventivo, asistencial e rehabilitador, que ten por finalidade por un lado, prestar apoio psicolóxico ás familias máis vulnerables, con especial atención ás/aos menores, achegar recursos socioeducativos e ferramentas para superar a súa problemática, mellorar a súa xestión emocional e as súas relacións familiares, resolver de forma positiva os conflitos, especialmente aqueles por razón de xénero, e promover a adquisición de competencias e habilidades para un axeitado desenvolvemento das súas funcións parentais e educativas, desde a coeducación e a corresponsabilidade. Por outro lado, busca ofrecer ás/aos menores apoio e acompañamento social e educativo, co fin de superar as dificultades detectadas, tanto a nivel de inclusión social como de aprendizaxe, así como prever a aparición de condutas de risco.

O Concello de Bueu consciente da importancia dunha intervención no dito eido, considera necesario regular de maneira expresa a organización, funcionamento e prestación do SAPM no ámbito municipal, garantindo a calidade, a equidade no acceso e a seguridade xurídica tanto para as persoas usuarias como para os profesionais que o prestan.

Aínda que o Concello vén desenvolvendo actuacións neste ámbito dende o 2017, resulta oportuno e necesario sistematizar e ordenar normativamente aspectos esenciais do servizo que ata o momento carecen dunha regulación municipal integral, tales como o obxecto e os principios reitores do servizo, a metodoloxía de intervención, os medios persoais e materiais, as normas de acceso e funcionamento, os dereitos e deberes das persoas usuarias, os mecanismos de coordinación e derivación, así como os sistemas de control, seguimento e avaliación.

#### 2. OBXECTIVOS

A aprobación da ordenanza configúrase como unha oportunidade para reforzar o compromiso municipal coa infancia e as familias, na loita contra a exclusión social e como medio de mellorar a eficacia e a calidade do servizo, asegurar a súa coherencia co marco autonómico vixente e avanzar na consolidación dun modelo de atención psicolóxica aos menores, integral e centrado nas persoas.

En particular, a ordenanza persegue os seguintes obxectivos:

- Definir o obxecto, ámbito territorial e temporal do SAPM no municipio.
- Establecer os principios reitores que guiarán a actuación municipal.
- Regular de forma detallada a prestación do servizo, incluíndo as actuacións e apoios





## Concello de Bueu

---

- que comprende, así como a metodoloxía de intervención.
- Fixar as normas xerais de acceso e funcionamento.
- Recoñecer e garantir os dereitos e deberes das persoas usuarias, especialmente dos menores e das súas familias.
- Regular os mecanismos de control, seguimento e avaliación do servizo, co fin de asegurar a súa mellora continua.
- Establecer os protocolos de derivación, intervención, coordinación e finalización da atención, así como os protocolos de actuación ante incidencias.

### 3. PRINCIPAIS ASPECTOS QUE REGULA

Ademais dos principios xerais e do marco conceptual do servizo, a nova ordenanza regulará, entre outros, os seguintes aspectos:

- O obxecto e ámbito de aplicación do SAPM.
- Os principios reitores que informan a actuación municipal nesta materia.
- As actuacións, apoios e recursos que integran o SAPM.
- A metodoloxía das actuacións.
- As normas xerais de acceso e funcionamento.
- Os dereitos e deberes das persoas usuarias.

### 4. POSIBLES SOLUCIÓNS ALTERNATIVAS REGULATORIAS

O Concello da Bueu non conta con normativa local propia que regule a dita materia e non é suficiente para completar a regulación no ámbito municipal o disposto na Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia e no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Polo tanto, non existen alternativas regulatorias fronte ao pretendido e non cabe a posibilidade de recoñecer dereitos e establecer obrigas ás persoas usuarias sen unha regulación específica isto é, sen unha ordenanza ao respecto.

Por tanto, considérase que a aprobación dunha nova ordenanza reguladora do SAPM no Concello da Bueu dará unha resposta máis axeitada ao conxunto dos problemas descritos e dos obxectivos perseguidos.

### 5. CANLE DE PARTICIPACIÓN

A cidadanía e as organizacións que así o consideren oportuno poderán achegar as súas opinións ou suxestións sobre os aspectos formulados no texto desta consulta durante un prazo de 15 días naturais, a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación no portal web municipal. As ditas achegas realizaranse a través do portal web.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario, que figura como anexo único a este anuncio, durante o **prazo de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no taboleiro electrónico do concello de Bueu**, aloxado na sede electrónico do concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal/>).





## Concello de Bueu

---

Para o exercicio deste dereito, os cidadáns, organizacións e asociacións que desexen facer chegas as súas suxestións dispoñen dun trámite electrónico no “*Catálogo de trámites*” da sede electrónica, denominado “*Participación na Elaboración de Normativa*”, a través do cal podrán realizar a [Tramitación Electrónica](#) e [Descargar instancia](#).

### ANEXO UNICO- CUESTIONARIO

**Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa**

**Necesidade e Oportunidade da súa aprobación**

**Obxectivos da norma**

**Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias**

*Documento asinado dixitalmente na data da marxe polo alcalde, Félix Juncal Novas.*

